

Venres, 7 de febreiro de 2020

Núm. 26

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

MUNICIPAL

PONTEAREAS

**Persoal, oposicións**

*NOVO PRAZO APERTURA PRESENTACIÓN INSTANCIAS, LISTAS SUBSTITUCIÓN  
PROFESOR/A DE GAITA*

### *ANUNCIO*

*NOVA CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE PROFESOR/A DE  
GAITA, PERTENCENTE ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA LISTAS DE CONTRATACIÓNS DE DIVERSAS  
CATEGORÍAS.*

Con data 16 de xaneiro de 2020 aprobouse mediante Decreto nº 2020-0191, unha nova convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir da data de publicación no BOP, na categoría de Profesor/a de Gaita, segundo o establecido no Texto Consolidado das Bases Xerais de Selección de Funcionario Interino e Persoal Laboral no Concello de Ponteareas, publicado no BOP nº 193, de data 5 de outubro de 2018 e as bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017 para a confección de listas de contratacións para prazos de persoal laboral de diversas categorías, co fin da confección da Lista de contratacións para a praza de Profesor/a de Gaita.

No mesmo Decreto, resólvese unificar a lista resultante do proceso selectivo e a existente nunha soa lista de substitucións na categoría Profesor/a de Gaita na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos.

As instancias polas que se solicita formar parte neste proceso selectivo, dirixiranse ao Alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), apartado de Oferta de Emprego Público.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:TUGXCNOX7YZ5MA4

